

VOLTA AO COLE

Do 1 ao 20 de setembro de 2025

Sorteo 6 vales de 100€

DATOS DA CAMPAÑA

- Trátase dunha promoción da asociación Cambados Zona Centro en colaboración co Concello de Cambados e a Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia con motivo da celebración da Campaña "Volta ao Cole".

DURACIÓN DA CAMPAÑA

- Do 1 ao 20 de setembro de 2025.

PREMIOS

- 6 vales compra de 100 €

PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA

- Poderán participar nesta promoción todas as persoas, maiores de idade, que realicen **compras ou contratación de servizos superiores a 5€** en calquera das empresas asociadas durante o periodo establecido nesta promoción.
- Para participar nesta promoción cómpre rexistrarse na campaña a través do enlace configurado na páxina web www.cambadoszonacentro.com e que estará aberto ata as 24:00 horas do sábado 20 de setembro de 2025.
- Será necesario rexistrarse co nome, apelidos, teléfono, correo electrónico, nome do establecemento onde se realiza a compra, importe e data da compra. No caso de resultar gañador/a será obrigatorio presentar o ticket co que se rexistrou. Só será válido un rexistro por compra.

DATOS DO SORTEO

- O sorteo terá lugar o luns 22 de setembro de 2025 no sede da asociación Cambados Zona Centro. Adxudicarase un número a cada rexistro realizado.
- O sorteo comezará coa extracción dos 6 números gañadores correspondentes a estas bases no punto de premios e só se poderá dar un premio por empresa/establecemento e por persoa gañadora.
- Contactarase co gañador/a desde o luns 22 de setembro ao teléfono ou correo electrónico rexistrado para a súa participación, comunicándose o día e hora no que se realizará o acto de entrega dos premios. No caso de non acudir a dito acto entenderase que renuncia ao premio.
- Os titulares dos establecementos, a súa unidade familiar, así como os seus traballadores non poderán participar nesta promoción con ticket de compra da súa empresa, pero si poderán facelo con compras doutros establecementos asociados.
- Os vales compra trocaranse nas empresas asociadas a Cambados Zona Centro coa data límite do 31 de outubro de 2025.
- En ningún caso os premios poderán ser trocados polo seu importe en metálico nin por outra contraprestación, así como tampouco se devolverá cambio.
- Os gañadores autorizan á asociación Cambados Zona Centro a reproducir, utilizar e difundir a través de calquera medio, o seu nome, apelidos, localidade de procedencia e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada coa PROMOCIÓN, sen que as ditas actividades lles confiran dereito de remuneración ou beneficio ningún.
- A participación na PROMOCIÓN supón a aceptación expresa e sen reservas destas bases.
- Estas bases están á disposición de calquera interesado e poderán ser consultadas, na sede da asociación Cambados Zona Centro, así como na súa páxina web www.cambadoszonacentro.com.
- Calquera dúbida sobre a interpretación das bases será resolta polos órganos de administración da asociación Cambados Zona Centro.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, Regulamento xeral de protección de datos (RGPD), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (LSSI-CE), informámos:

1. Responsable do Tratamento: ASOCIACIÓN CAMBADOS ZONA CENTRO, C.C.U. DE CAMBADOS.
CIF: G-36.245.306.
Dirección: Rúa Nova, 4, 36630, Cambados, Pontevedra
Teléfono: 986.520.902 ext. #742
Correo Electrónico: info@cambadoszonacentro.com

2. Finalidade do Tratamento:

- Tramitar o seu rexistro e participación a través del formulario web na Campaña "VOLTA AO COLE".
- Para poñernos en contacto con vostede no número de teléfono ou correo electrónico facilitado no rexistro e informarlle que foi gañador/a dun dos premios da Campaña.
- Troco de premios por parte dos gañadores.
- Publicar por Cambados Zona Centro os datos dos gañadores dos premios na súa páxina web, Redes Sociais, Medios Audiovisuais (Radio, Televisión), Prensa, Dípticos, Trípticos, Revistas, sempre que, previamente, o gañador outorgue o seu consentimento. Datos obxecto de publicación: nomes e apelidos, imaxe e kocalidade de procedencia.
- A prestación dos servizos.
- Para a xestión da relación establecida pola súa participación na Campaña.
- Para poñernos en contacto con vostede ou para responder a calquera comunicación que nos envíe.
- Para ofrecerlle atención personalizada.

Non se realizan análises de perfís baseados unicamente no tratamento automatizado que produza efectos xurídicos ou que lle afecte significativamente de modo similar.

3. Prazos de Conservación: Os seus datos persoais conservaranse mentres se xestione a Campaña, se publiquen os gañadores dos premios e non solicite a súa supresión. Ao solicitar a supresión, retirando o consentimento, os datos persoais suprimíranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a destrución total deles.
4. Licitude do Tratamento: O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación por petición deste de medidas precontractuais [artigo 6.1.b) do RGPD] ao rexistrarse e participar na Campaña; O interesado deu o seu consentimento para el tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos [artigo 6.1.a) da RGPD]; Transferencias de datos persoais a países terceiros ou organizacións internacionais mediante garantías adecuadas. Cláusulas tipo de protección de datos adoptadas pola Comisión de conformidade co procedemento de exame a que se refire o artigo 93, punto 2 [artigo 46.2.c) do RGPD]. Os datos foron obtidos directamente de vostede como interesado.
1. Dereitos dos interesados : poderá en todo momento exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade dos seus datos, dirixíndose por escrito, acompañando fotocopia da súa DNI ou de calquera outro documento de identidade ante a asociación Cambados Zona Centro a través do correo electrónico info@cambadoszonacentro.com. Poderá retirar o seu consentimento en calquera momento, sen que iso afecte a licitude do tratamento superada no consentimento previo á súa retirada, así como presentar unha reclamación ante a autoridade de control, sendo no caso de España, a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), cando non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos ou considere que fixemos tratado os seus datos de maneira inadecuada. Para contactar coa AEPD pode facelo a través da súa páxina web <https://www.aepd.es/> ou da dirección postal Rúa Jorge Juan, Número 6, 28001, Madrid, España.

Máis Información: Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais que lles concernan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, caso en que unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderanse opoñer ó tratamento dos seus datos. Neste caso, Cambados Zona Centro deixará de tratalos datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas (incluída a elaboración de perfís): dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado que produza efectos xurídicos ou lle afecte significativamente de modo similar.

O interesado pode, en calquera momento, revocalo consentimento previamente outorgado para usar os seus datos. No caso de que revogue o consentimento para almacenar e procesalos seus datos, Cambados Zona Centro non poderá proporcionarlle determinados servizos.

ENTIDADES COLABORADORAS

- Xunta de Galicia e Concello de Cambados.